

PLAN DE CONVIVENCIA IES CACHEIRAS



DATA DE ELABORACIÓN CURSO 2016- 2017

Data revisión: CURSO 2023-2024

ÍNDICE

1.	XUSTIFICACIÓN	4
2.	ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO	6
	2.1. A DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO IES DE CACHEIRAS	6
	2.2. CAUSAS DOS PROBLEMAS DE CONVIVENCIA	9
3.	OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA	11
	3.1. OBXECTIVOS XERAIS	11
	3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	11
4.	DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.....	12
	4.1. ACTUACIÓNS A NIVEL DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO E DA AULA	13
	4.1.1. Actuacións a nivel de Centro: os valores que defendemos	13
	4.1.2. Actuacións a nivel metodolóxico: o estilo educativo que queremos promover.....	15
	4.1.3. Actuacións a nivel de aula: normas e papel do alumnado e profesorado.....	18
	4.1.4. Actuacións a nivel de participación da comunidade educativa: o traballo coas familias	20
	4.2. ACTUACIÓNS A NIVEL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS	20
	4.2.1 O plan de mediación para a resolución de conflitos	20
	4.2.1.1.PROCEDEMENTO	22
	4.2.2.Aula de convivencia inclusiva	24
	4.2.3.Medidas no tratamento dos conflitos	25
	4.3. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.	27
	4.4. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DO IES	28
	4.4.1.Plan de acollida para alumnado e profesorado novo	28
	4.4.2.Plan de Igualdade	28
	4.4.3.Programa de educación para a saúde	29
	4.4.4.Programa de cultura de paz e interculturalidade	29
	4.4.5.Programa lector	30
	4.4.6.Programa de adestramento en habilidades sociais	30
5.	A COMISIÓN DE CONVIVENCIA	31
6.	CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES DO DESENVOLVEMENTO DAS DIFERENTES MEDIDAS	33
7.	NORMAS ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.....	35
	7.1. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	35

7.1.1. Normas xerais de funcionamento.	35
7.1.2. Dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa.	36
7.1.2.1. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO	36
7.1.2.2. DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO	37
7.1.2.3. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS	38
7.1.3. Condutas contrarias á convivencia.	39
7.1.3.1. CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA	39
7.1.3.2. CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	40
7.1.3.3. PRESCRICIÓN DAS CONDUTAS	40
7.1.4. Medidas correctoras e sancións.	40
7.1.4.1. MEDIDAS CORRECTORAS E SANCIÓN S PARA AS CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA	41
7.1.4.2. MEDIDAS CORRECTORAS E SANCIÓN S PARA AS CONDUTAS LEVEMENTE CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	43
7.1.4.3. ACTUACIÓN S COMPLEMENTARIAS Á S MEDIDAS CORRECTORAS	44
7.1.4.4. PROCEDEMENTOS SOBRE MEDIDAS CORRECTORAS E SANCIÓN S	44
PROCEDEMENTO SOBRE MEDIDAS CORRECTORAS E SANCIÓN S 1	46
CONDUTAS CONTRARIAS Á S NORMAS DE CONVIVENCIA E CORRECCIÓN S APLICABLES:	48
PROCEDEMENTO SOBRE MEDIDAS CORRECTORAS E SANCIÓN S 2	49
8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO	50
9. ESTRATEGIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	51
10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA	52

A estrutura deste Plan de convivencia baséase no Artigo 13 do Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación educativa en materia de convivencia escolar.

1. XUSTIFICACIÓN

Partimos da convicción de que acadar unha boa convivencia non só é unha condición para realizar o traballo escolar, senón que é unha aprendizaxe en si mesma, ao que debe contribuír a educación escolar e que debe ser o resultado dun traballo sistemático, non ocasional. O noso propósito é que o alumnado teña un comportamento baseado na cultura da paz, da igualdade e respecto ante o diferente, que afronte os conflitos con diálogo e buscando o acordo; que adquira unha cultura democrática e cidadá para desenvolverse en liberdade, exercendo os seus dereitos e deberes con responsabilidade e participando activa e criticamente nos grupos sociais aos que pertence; en definitiva, que se rexa por principios éticos, promovendo o seu desenvolvemento moral.

Para isto preséntanse as seguintes propostas.

- Ollando ao presente, que o alumnado se atope seguro, acollido e considerado, dende a convicción de que só nun contexto emocionalmente positivo e estimulante é posible a convivencia e a aprendizaxe.
- De cara ao futuro, preténdese que os alumnos e alumnas adquiren as competencias necesarias para establecer relacións sans e construtivas consigo mesmos e cos demais, con actitudes coherentes cos valores democráticos e o respecto aos dereitos humanos, fundamento dunha educación para a cidadanía.
- En relación co labor da escola, con este proxecto preténdese contribuír á formación integral de todos os alumnos e alumnas, tanto para ser persoas coma para vivir nunha colectividade, coa seguridade de que son as condicións máis idóneas para mellorar as aprendizaxes curriculares.
- Con respecto ao entorno do Centro, espérase poder contar coas familias e con todas as persoas e entidades que teñan relación coa xuventude.

Con esta finalidade partimos da idea de considerar que a convivencia escolar é unha construción cotiá, unha tarefa complexa (pero necesaria e posible) que se constitúe nunha rica e valiosa experiencia educativa, dado que a aula e o Centro educativo son dos primeiros espazos públicos de participación das xeracións novas. Neste senso o Centro coma institución educativa é unha formación social en dous sentidos: está formado a partir da sociedade e ao mesmo tempo expresa a sociedade, polo que o que se fala en cada escola é a linguaxe particular da sociedade. Esta función socializadora do Centro educativo maniféstase nas interrelacións cotiás, nas actividades habituais, nas charlas espontáneas e nas discusións e diálogos planificados para reflexionar sobre esas interrelacións, para recoñecer os acordos, as diferenzas, as formas de acadar o consenso, de aceptar o disenso... Só deste xeito se aprende a convivir mellor coa súa época e o seu mundo, e permite a aprendizaxe e a práctica de valores democráticos: a promoción da solidariedade, a xustiza, a responsabilidade individual e social.

Ademais, cómpre entender o Centro educativo coma un contexto significativo de desenvolvemento e coma un espazo privilexiado para a aprendizaxe de valores e para educar na convivencia. Así, a abordaxe da temática da convivencia nun Centro educativo demanda, necesariamente, non negar os conflitos e concibilos coma situacións problemáticas do facer cotián a resolver. É fundamental promover climas institucionais favorables con soportes normativos claros e explícitos, como así tamén alentar o desenvolvemento de procesos participativos que contribúan á mellora dos vínculos interpersoais, e consecuentemente a unha optimización do traballo pedagóxico e da aprendizaxe. En definitiva, proponse unha escola que tente dar resposta ao seu cometido de ser formadora de cidadáns comprometidos, críticos e activos.

Así, o PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO é o documento no que se articula a convivencia escolar, garantindo unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

Tomando como base a **Lei Orgánica 3/2020 pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006**, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendados os Centros educativos é a de elaborar o seu plan de convivencia, que pasará a formar parte do proxecto educativo do Centro. Ademais, no preámbulo desta mesma norma *proponse o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos. Igualmente insístese na importancia da preparación do alumnado para o exercicio da cidadanía e para a participación na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable.*

A normativa actual referida á convivencia escolar, a **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa**, no seu *artigo 10* fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada Centro (PEC). Así mesmo, o *artigo 11* do **Decreto 8/2015** polo que se desenvolve a Lei 4/2011 establece que o proxecto educativo de cada Centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no *artigo 3* da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Ademais, integrará o principio básico de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, para o que conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. Así mesmo, ao longo dos *artigos 12 ao 17* deste mesmo decreto recóllense aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, medidas, actuacións, etc.

En resumo, destacar que a elaboración deste plan supón unha reflexión conxunta sobre uns principais obxectivos do sistema educativo: ensinar a convivir e ser persoa a través do desenvolvemento de competencias sociais e cívicas. E para iso, é fundamental para que o plan sexa realmente útil que sexa realista, práctico e adaptado ás características e peculiaridades de cada Centro.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

Convivencia é, segundo nós, a *condición de relacionarse entre as persoas a través dunha comunicación permanente fundamentada no afecto, respecto e tolerancia que permita compartir e convivir en harmonía cos demais nas diferentes situacións da vida.*

Para iso o noso Centro dotarase de normas operativas claras e acordos precisos que permitan o exercicio dunha axeitada convivencia que contribúa ao desenvolvemento integral dos membros da nosa comunidade escolar. Con esas normas todos os integrantes da comunidade escolar deberemos ser capaces de identificar, recoñecer e superar os nosos erros e limitacións.

O noso Centro, no seu proceso de ensino-aprendizaxe, desenvolverá valores privilexiando entre eles o esforzo, a creatividade, a lealdade, a xenerosidade, o respecto mutuo, a autenticidade e a responsabilidade persoal. Para logralos, a familia xoga un papel fundamental, xa que o alumnado aprende, desde a infancia, condutas que favorecen unha convivencia harmónica e unha axeitada comunicación, dándolles a seguridade suficiente para desenvolverse dunha forma correcta no ámbito social, adquirindo así diversos valores e responsabilidades.

O profesorado debe actuar con flexibilidade, moderación e criterio, tendo en conta a persoa e as diferenzas individuais do alumnado, debe coidar que as súas accións non firan, senón pola contra, que a medida correctora que se aplique ao alumnado vexa que é xusta, necesaria, sentida, comprendida e aceptada para que así se converta en motivación para un cambio positivo.

2.1. A DIAGNOSE DA CONVIVENCIA NO IES DE CACHEIRAS

No IES de Cacheiras, podemos separar en dous grupos as condutas conflitivas que atopamos con maior frecuencia: As condutas disruptivas e As condutas violentas.

A. As condutas disruptivas. Entendemos por *disrupción* todo un conxunto de condutas inapropiadas do alumnado dentro das aulas con efectos negativos para o desenvolvemento normal das clases.

Algunhas das máis habituais son:

- Chegar tarde á clase.
- Pedir con certa frecuencia saír ao servizo.
- Pintar nas mesas ou paredes
- Tirar cousas pola clase
- Pintar no caderno ou no libro
- Consumir algún tipo de comida
- Desordenar mobiliario
- Brincar
- Emitir ruídos ou berros na clase
- Saír o entrar desordenadamente

- Non traer os deberes feitos
- Negarse a facer as tarefas de clase
- Falta de interese, pasividade ou inactividade
- Utilizar o ordenador para xogar ou chatear
- Usar o móbil na aula
- Non traer o material escolar necesario: libros, cadernos, bolígrafo e roupa e calzado deportivo, no caso da clase de Educación Física.
- Interromper ao profesorado na clase.
- Non acatar as ordes do profesorado.
- Levantarse do sitio sen permiso.
- Faltarlle ao respecto a calquera profesor ou compañeiro.
- Gardar as cousas antes de tempo sen permiso.
- Rir as grazas aos que interveñen con intención de romper a dinámica de traballo na aula.
- Intervencións impertinentes, sen pedir permiso.
- Comentarios e valoracións que non veñan a conto e que rompen o ritmo de traballo.
- Cuestionar frecuentemente as decisións (incuestionables) do profesorado.

B. As condutas violentas. Nalgúns casos observamos algunhas condutas cun alto compoñente agresivo sen que as persoas que provocan o conflito sexan capaces de controlarse. Estas condutas acostuman a producir á outra persoa un dano físico, verbal ou psicolóxico, ás veces de xeito intencionado pero outras como consecuencia dunha reacción impulsiva (pero igualmente contraria á convivencia). Dentro destas condutas violentas distinguimos:

- a) O Acoso escolar ou *Bullying*
- b) O dano ás propiedades e vandalismos.
- c) As pelexas entre alumnos/as ou grupos de alumnos/as.

a. O Acoso escolar ou *Bullying*

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. Este maltrato pode adoptar diferentes formas:

- Agresión física: atacar fisicamente aos demais (patadas, puñetazos...)
- Agresión verbal: alcumes, insultos, ameazas, intimidacións, desafíos, malas contestacións, vexacións, comentarios racistas, humillacións...
- Agresión indirecta: inducir a agredir a un terceiro.
- Agresión social: propagar rumores pexorativos, rexeitamento e exclusión social (ignorar, non deixar participar...)

Dentro deste ámbito cómpre destacar o ***ciberbullying (ou ciberacoso)*** cada vez máis presente na nosa sociedade e, polo tanto, tamén na escola. Este se definiría como o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública. O ciberacoso supón o uso e difusión de información lesiva ou difamatoria (insultos, difamacións, ameazas, intimidación, seguimento persistente, envío reiterado de correos a alguén que non desexa recibilos, exclusión, boicot, humillacións, spam, distribución de datos e imaxes persoais, roubo e suplantación da identidade...) en formato electrónico a través de medios de comunicación como o correo electrónico, a mensaxería instantánea, as redes sociais, a mensaxería de texto a través de teléfonos ou dispositivos móbiles, a publicación de vídeos e fotografías en plataformas electrónicas de difusión de contidos, e calquera outra que poida xurdir con características similares.

Aínda que o ciberacoso pode parecer difuso, en tanto que se perpetra en moitas ocasións fóra do espazo físico do Centro escolar, este, ao ter coñecemento da situación e sempre que estean implicados algúns dos seus alumnos ou alumnas, ten a obriga de actuar coa mesma consideración de acoso escolar, sempre que as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos teñan conexión coa vida escolar.

b. O dano ás propiedades e vandalismo

O vandalismo escolar é un dano intencionado e non autorizado contra as propiedades do Centro escolar, é dicir, unha hostilidade maliciosa contra o edificio, o seu mobiliario e/ou o material educativo.

Por exemplo:

- Pintar portas, pupitres ou paredes con nomes, mensaxes ou debuxos.
- Romper cristais ou portas intencionadamente.
- Estragar calquera tipo de material educativo.

c. As pelexas entre alumnos/as ou grupos de alumnos/as

Trátase de episodios de agresividade *verbal* (falar mal do/a outro/a, ofender, insultar, poñer alcumes...) ou *física* (pegar, golpear con obxectos, morder, empuxar, dar tortas, facer a cambadela...) entre un/unha ou varios/as alumnos/as, como forma de solucionar un determinado conflito ou como resposta a unha provocación percibida ou interpretada como tal.

Estas dinámicas de funcionamento, tanto do grupo amplo que forma o alumnado do Centro coma do grupo limitado á aula, poden favorecer/derivar relacións negativas como o acoso. É importante, xa que logo, diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva. Exemplos destes comportamentos que non poden ser consideradas acoso serían meterse un co outro de xeito amigable e sen intención de facer dano ou as discusións e incluso as pelexas entre alumnado a un mesmo nivel, situados, polo tanto, nun equilibrio de forzas.

2.2. CAUSAS DOS PROBLEMAS DE CONVIVENCIA

De acordo con varios autores e autoras existen varios factores que en moitos casos debemos analizar cunha certa conexión e que favorecen e determinan a aparición dos conflitos na escola:

A. Factores externos á institución escolar: Dentro deste grupo podemos destacar *factores relacionados coa situación familiar, o contexto social ou os medios de comunicación.*

A situación familiar. Nas familias atópase un dos factores fundamentais que axudan a explicar o conflito que acontece no ámbito escolar. Neste contexto favorecen a conflitividade as seguintes situacións:

- A desestruturación familiar.
- A violencia familiar que os/as alumnos/as van interiorizando como forma de resolver conflitos.
- Os autoritarismos, onde o/a máis forte domina e impón os seus criterios.
- A permisividade esaxerada, con ausencia de normas/pautas claras, coherentes e consistentes que guíen o comportamento dos menores.
- A percepción de falla de afecto no fogar e/ou a falla de atención aos/ás fillos/as.
- A intolerancia e os conflitos na parella, etc., son factores que non axudan a que os/as nenos/as reciban unha educación axeitada e que, en consecuencia, favorecen a aparición da conflitividade.

O contexto social. No noso Centro non existen grupos minoritarios de alumnos e alumnas que teñen unha situación familiar caracterizada pola pobreza ou a marxinação, pero si afectados polo desemprego, a falla de recursos económicos, a ausencia de valores claros, ou de consumo de alcol ou outras drogas.

As redes sociais e os medios de comunicación. Pese a que ninguén pon en dúbida aos medios de comunicación de masas como unha fonte inesgotable de información, recursos, opinións, etc., a exposición sen ningún tipo de control nin espírito crítico á televisión, cine, revistas, vídeos, prensa, Internet, e sobre todo, ás redes sociais, pode ofrecer unha carga significativa de violencia e agresividade (tanto física coma psíquica) que os adolescentes non saben xestionar. Ademais, as mensaxes subliminais, contidos detrás das escenas, etc., son con frecuencia unha defensa descarada da forza fronte á razón, da intolerancia fronte á solidariedade, da desigualdade fronte á igualdade...

B. Factores inherentes á institución escolar. Existen tamén algunhas características que definen á escola e que favorecen unha convivencia conflitiva. Citamos entre outras as seguintes:

O deseño curricular: a actual proposta educativa non é axeitada para un grupo de alumnos e alumnas que se motivan máis ante a actividade práctica, cun mínimo moi ben seleccionado de teoría e que fracasan curso tras curso no actual modelo, xa desde primeiros cursos da ESO (ou incluso desde xa a etapa anterior).O cuestionamento da utilidade da escola: instalados/as na cultura do goce do presente, lonxe da cultura do esforzo e da paciencia para recoller os froitos a longo prazo, resulta difícil conseguir que o alumnado se centre nas tarefas escolares.

A descompensación das funcións da escola: a finalidade máis importante da escola é a educación; pero, na práctica, dásele moita maior importancia á transmisión de coñecementos. Importa moito máis que un/unha alumno/a obteña boas cualificacións nas distintas áreas que a súa formación integral ou que o seu comportamento educado.

As relacións interpersoais: a comunidade educativa está composta por un sistema de relacións interpersoais de distinta natureza, coa presenza dunha grande diversidade.

O alumnado: na relación profesorado-alumnado, se o alumnado non asume responsabilidades no propio proceso da súa educación, se as clases son só maxistrais nas que o alumnado xoga o papel de receptor pasivo, se non hai comunicación fluída entre profesor/a e alumnos/as, esta situación pode ser determinante no nivel de conflictividade. Tamén a mala relación entre o alumnado, materializada en condutas coma a existencia de grupos de presión, faltas de respecto, agresións cotiás, desintegración de certas minorías..., conleva a un clima escolar negativo que favorece a escalada de conflitos.

En definitiva a falla ou deterioro da motivación do alumnado de cara ao esforzo que supón o traballo intelectual da vida académica, afecta directamente, non só ao rendemento escolar, senón tamén ás relacións sociais do Centro ao ser causa dun sistema de culpabilidades non recoñecidas. Convértese así nunha fonte permanente de conflito.

3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Con este Plan perséguese unha serie de obxectivos, tanto xerais (*recollidos no artigo 12 do Decreto 8/2015*) coma específicos.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no Centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos Centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no Centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos Centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- a) Fomentar o uso do diálogo, dado que o alumnado ten os seus propios puntos de vista que enriquecen o proceso educativo e que deben ser, polo menos, escoitados e contrastados.
- b) Promover a xestión alternativa de problemas, para o que é preciso crear o clima, definir e discutir o problema, explorar solucións alternativas...
- c) Favorecer a autoestima e a autoconfianza das persoas, a través da afirmación da súa dignidade.
- d) Establecer normas no marco dunha democracia participativa, escoitando as opinións dos alumnos e das alumnas naqueles puntos que lles atinxen.
- e) Promover a actitude aberta e empática ante o alumnado, tratando de facer un esforzo por

ver os asuntos dende a súa perspectiva.

- f) Eliminar a agresividade destrutiva.
- g) Fomentar o afrontamento positivo do conflito, tomándoo coma unha oportunidade para educar e para conseguir que os alumnos e as alumnas melloren as súas capacidades persoais e sociais.
- h) Implicar a todas as partes na xestión do conflito, coma o mellor camiño para resolvelo realmente.
- i) Rexeitar a exclusión, o medo, as ameazas, a submisión, a ridiculización ou a humillación, o silencio como norma constante, o dominio, a indiferenza no trato interpersoal, o derrotismo, a competitividade interpersoal, etc...

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

Partindo de que convivir é vivir uns con outros sobre a base dunhas determinadas relacións sociais e duns códigos no marco dun contexto social determinado, debemos aceptar o feito de que os conflitos son inseparables da convivencia democrática e, neste sentido, non podemos pretender que a educación transcorra sen conflitos, nin tampouco pensar que estes resultarán necesariamente negativos.

Aprender a convivir é un dos obxectivos deste PLAN DE CONVIVENCIA. Os conflitos poden ser útiles e valiosos se se xestionan construtivamente posto que ofrecen a todos os implicados a posibilidade de utilizar e desenvolver o seu razoamento teórico e os seus valores morais, á vez que adestran unhas relacións sociais máis satisfactorias para todos. Así, a *prevención dos conflitos* consiste no desenvolvemento de habilidades e actitudes para resolver os problemas que se nos presenten xa nos seus primeiros estadios. Para iso debemos ter en conta: a educación en valores, a educación intercultural, as estratexias para previr o racismo e a xenofobia, as estratexias para previr a violencia de xénero, o desenvolvemento das habilidades de comunicación (escoita activa, fomentar a empatía, expresar os propios sentimentos, etc.), o desenvolvemento das habilidades sociais (asertividade, axuda ao desenvolvemento da capacidade de xuízo moral, etc.), o desenvolvemento das habilidades para a resolución de conflitos (negociación, mediación, etc.), a toma de decisións, a mellora da autoestima e autoconhecimento, o desenvolvemento do autocontrol, etc.

Como profesionais da educación deberemos estar sensibilizados e formados naqueles temas que poden axudarnos a xestionar mellor as nosas aulas e a resolver positivamente os conflitos que poidan xurdir como resultado da convivencia. Os ámbitos de formación, polo tanto, abarcarían desde aspectos de carácter didáctico como a mellora e control do traballo co alumnado, a aprendizaxe significativa, cooperativa, estratexias de aprendizaxe, estilos de ensino e aprendizaxe ou de atención á diversidade ata outros máis xerais como a psicoloxía da adolescencia, habilidades sociais, estratexias para a resolución de conflitos, adestramento na resolución de problemas, o uso efectivo do reforzo e sancións, habilidades para o control da tensión, programas de mediación escolar, etc.

En todo caso, as medidas recollidas neste plan deben cumprir dous requisitos básicos:

- Ser acordes cos obxectivos e principios do modelo de convivencia definido e asumido polo Centro.
- Establecer tanto medidas de carácter preventivo como de intervención, é dicir, que persigan tanto a non aparición de conflitos como a resolución dos mesmos cando se producen.

Estas actuacións, de acordo co establecido no artigo 15 do Decreto 8/2015, incluírán:

- Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, con especial atención á organización do Centro e da aula.
- Actuacións dirixidas á formación co obxectivo de mellorar a convivencia e a resolución pacífica de conflitos, incluíndo medidas encamiñadas á prevención, detección e resolución dos mesmos.
- Actuacións dirixidas á difusión de normas e accións de sensibilización e difusión de protocolos de actuación.
- Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.
- Calquera outra medida encamiñada á promoción da convivencia, o fomento do diálogo, a corresponsabilidade e a cultura da paz.

4.1. ACTUACIÓNS A NIVEL DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO E DA AULA

4.1.1. Actuacións a nivel de Centro: os valores que defendemos

Os *valores* son características morais que toda persoa posúe. Están interiorizados e determinan en gran medida a súa personalidade, orientando a súa conduta. Debemos ter como meta e obxectivo conseguir que o noso profesorado, alumnado e persoal non docente se guíe polos valores que posibilitan o exercicio activo da cidadanía activa e democrática e unha boa convivencia, tales como:

1. A **xustiza** como vontade constante de dar a cada un o que é seu, o que lle pertence sobre a base do seu esforzo e os seus dereitos. No ámbito educativo consiste en tratar a todo o alumnado con criterios de equidade, sen prexuízos e sen exclusións, respectando a diversidade.
2. A **liberdade** como valor que designa a facultade do ser humano que lle permite decidir, levar a cabo ou non unha determinada acción segundo a súa intelixencia ou vontade.
3. A **responsabilidade** como valor que se exerce cando cada persoa ofrece unha actitude axeitada para solucionar as tarefas que lle corresponden. No seu sentido máis profundo asóciase tamén co respecto aos compromisos que contraemos cos demais. Unha persoa responsable ten unha actitude de estima e respecto para coa súa propia persoa e achega eses mesmos valores ás tarefas nas que participa.
4. A **igualdade** é un valor que representa a defensa e respecto dos mesmos dereitos e oportunidades para todas as persoas, sen ningún tipo de discriminación.
5. A **solidariedade** é un valor que consiste na axuda e cooperación mutua e desinteresada, que debe existir entre as persoas, non porque coñezan ou sexan os nosos amigos, simplemente porque todos temos o deber de axudar ao próximo e o dereito de recibir a axuda dos nosos semellantes.

6. O **respecto** é o factor que faculta ao ser humano para o recoñecemento, aprecio e valoración das calidades dos demais, persoas, animais ou cousas, sen o uso dos prexuízos.
7. A **tolerancia** é unha actitude persoal de respecto ante o que é diferente aos propios valores morais, cultura e/ou xénero. A tolerancia debe ser crítica cando a diferenza se ampara en valores contrarios aos dereitos humanos.
8. A **paz** designa un estado interior, exento de violencia, odio e máis xeralmente de sentimentos negativos.
9. O **diálogo** é unha conversación entre dúas ou máis persoas, mediante a cal se intercambia información e se comunican pensamentos, sentimentos e desexos. No ámbito educativo é moi importante como método para resolver os conflitos. É necesario saber escoitar e defender con argumentos as propias propostas, interveñen os xestos, a entoación e a actitude. Este valor permite nos ámbitos familiares e educativos intercambiar ideas, opinións e escoitar as razóns do outro. Tamén pon de manifesto que unha persoa non posúe toda a verdade e que non todos pensan o mesmo.
10. A **participación**, é un valor que nos permite exercer os nosos dereitos, expresar as nosas opinións e defender os nosos ideais. A participación dos escolares debe ser estimulada, e iso require unha disposición a compartir o poder de decisión, e a soportar os erros e contraindicacións da participación en aras da crenza no seu valor formativo. A participación creativa dos alumnos no Centro, as súas deliberacións e adopción de resolucións é un exercicio moi valioso para formar a súa conciencia, así como para descubrir a dependencia e conexión desta coa comunidade social. A conduta participativa na escola é un valor moral de seu porque entraña ocuparse do que é común como cousa propia e porque esixe a acción cooperativa cos demais para o logro de bens colectivos.
11. A **autoestima**, a nivel social representa os sentimentos que unha persoa ten acerca de si mesmo na súa relación coas demais persoas. A nivel académico é a avaliación que o alumno/a fai de si mesmo en canto á satisfacción do seu rendemento e aceptación por parte das demais persoas.
12. A **empatía**, é un valor que permite recoñecer as emocións alleas, as dos compañeiros e compañeiras, as do alumnado. Consiste en ser capaz de poñerse na pel da outra persoa e sintonizar especialmente coas súas emocións, aínda que non se manifesten claramente.
13. A **autonomía**, representa un conxunto de capacidades prácticas que permiten que o alumnado se prepare para a vida, atope recursos para afrontar as situacións diarias. A pesares de que consideramos a autonomía coma un valor eminentemente individual, ten unha gran transcendencia social, na medida que implica comportamentos libres e responsables. Representa tamén a capacidade de ter e manter un criterio propio impermeable a presións externas.
14. A **dignidade** é un valor interno da persoa derivado dunha serie de trazos de identificación que a fan única e irrepetible. A persoa ten un dinamismo interior que a impulsa a rexeitar o ser tratada coma un obxecto, coma un mero medio e non coma un fin. A persoa desexa, dende o máis fondo do seu ser, ser tratada como persoa, como un fin en si mesmo. Recoñecer a dignidade do ser humano é recoñecer ese valor igual a todos e cada un dos seres humanos. Sobre a base da dignidades, recoñécenselle certos dereitos básicos e fundamentais como: o dereito á vida, á subsistencia, á liberdade...
15. A **diversidade** é un valor que a escola debe poñer ao alcance de todos e todas.

Educación na diversidade significa referirse á conciencia educativa de que todo o alumnado, profesorado, Centros, etc., son diferentes. É partir da idea de que cada un é un ser orixinal e único. É entendida como unha serie progresiva de respostas adaptativas, dende as decisións de Centro e aula, ata as individuais, para responder axeitadamente a esa rica diversidade humana.

16. O **control emocional** é un valor que consiste en coñecer as propias emocións e saber controlalas, é dicir, ter a habilidade precisa para manexar a ansiedade, o medo, a tristura, a rabia, a ira...
17. O **espírito crítico e creativo** consiste na madureza para saber valorar os contidos de aprendizaxe e defender con criterio e referente ético as propias propostas.

4.1.2. Actuacións a nivel metodolóxico: o estilo educativo que queremos promover

O estilo educativo desenvolvido polo profesorado fai referencia á filosofía educativa que segue cada docente e que condiciona a súa forma de actuar diariamente nas aulas. Entendemos por estilo educativo *o conxunto de ideas, crenzas, actitudes e hábitos de comportamento que pais/nais e profesores/as manteñen respecto á educación dos seus alumnos/as e fillos/as e que guían e condicionan a súa tarefa diaria como educadores/as.*

As consecuencias que un determinado estilo educativo ten sobre a comunicación entre o/a educador/a e o educando/a son claras e significativas e, no contexto da aula, xoga un papel fundamental no clima de convivencia que se establece. Ademais, inflúe claramente sobre a formación da personalidade global da mocidade á que impartimos docencia.

As principais investigacións sobre este tema reducen a catro os posibles estilos educativos: educación sobreprotectora, educación inhibicionista, educación punitiva e educación asertiva. De entre todos eles consideramos o estilo educativo asertivo o máis axeitado, en termos xerais, para o desenvolvemento do proceso educativo.

A grandes rasgos este estilo parte da concepción de que o alumnado nace ignorante e ten que aprender, paso a paso, a comportarse como as persoas adultas desexan, polo que precisa tempo e unha boa dose de esforzo para esas aprendizaxes, xa que son novas e poden chocar cos seus gustos, desexos e necesidades.

Partindo desta concepción, é preciso que os educadores:

- Fixen a súa atención nos progresos e nos elementos máis positivos da conduta do alumnado.
- Eloxien tanto o esforzo coma os logros.
- Sancionen con firmeza e regularidade as condutas inaceptables.
- Destaquen especialmente o comportamento excepcional.
- Ignoren pequenos erros, imperfeccións ou deficiencias.
- Diferencien claramente entre a persoa, á que sempre aprecian, comprenden e valoran, e a conduta, que pode non ser a axeitada en certos momentos.
- Teñan paciencia activa e confíen no progreso do/a educando/a, e mentres este se produce son comprensivos coa súa imperfección.

As consecuencias beneficiosas para a conduta do alumnado son múltiples, xa que o eloxio e o recoñecemento reforza os comportamentos adecuados do/a alumno/a, converténdoo en hábito. Ademais, o feito de eloxiar unhas condutas e ignorar outras favorecen un excelente autoconcepto e unha adecuada autoestima. Neste sentido, cómpre salientar que o eloxio, administrado en doses altas (aínda que non excesivas), permite unha mellor tolerancia das sancións e recriminacións, o que redonda nun mellor clima de convivencia e nunha relación de respecto e aprecio entre profesorado e alumnado. Por último, que o alumno medre e se desenvolva con seguridade en si mesmo, con maior autonomía persoal e interese por alcanzar cotas maiores facilita a toma de decisións futuras, facéndose protagonista activo do seu futuro.

O obxectivo final, polo tanto, da conduta asertiva sería que o alumnado acadase:

1. *Respecto a si mesmo/a*, concibíndose coma un ser humano con enerxía limitada que precisa abastecerse e coidarse.
2. *Respecto polos demais*, concibir aos demais como seres humanos tratados con dignidade e respecto; require empatía.
3. *Ser directo*, implica que as mensaxes sexan transmitidas de xeito claro, sincero e preciso.
4. *Ser honesto*, transmitir con sinceridade os propios sentimentos, opinións e desexos.
5. *Ser apropiado*, dicir o que debemos e queremos dicir, pero, ademais, tendo en conta o tempo e o contexto no que se produce a interacción, non responder a destempo ou fóra de lugar.
6. *Control emocional*, non supón negar os sentimentos, senón encarrilar as emocións para que non provoquen reaccións non desexadas e negativa para a comunicación.
7. *Saber dicir*, expresar a mensaxe desexada de xeito correcto, coa estrutura e o proceso adecuados.
8. *Ser positivo*, recoñecer e informar aos demais que nos dámos conta de que eles, igual ca nós, intentan beneficiar e axudar.

Para o correcto desempeño da acción educativa baixo este estilo, o profesorado debe facer seus unha serie de valores, como a **consistencia** (significa aclarar perfectamente as expectativas, as normas, as demandas, os procedementos... e mantelos, aplícalos sempre para todos/as), a **coherencia** (a mensaxe que lle transmite ao alumnado debe ser sempre clara, sen ambigüidades, facendo concordar o que di co que fai), a **predictibilidade** (os/as alumnos/as demandan seguridade, precisan saber en cada momento cal vai ser a postura do profesorado), a **fiabilidade** (o alumnado debe poder fiarse do que di o/a profesor/a, porque está seguro de que actuará sobre a base dese criterio), a **negociación** (fai referencia á capacidade do/a profesor/a para dialogar e chegar a acordos co alumnado, sabendo honrar e respectar á persoa e manténdose firme nos obxectivos) ou a **xustiza** (sentido da equidade e do trato para todos/as baixo criterios de igualdade).

Á marxe dos valores anteriormente sinalados, existen unha serie de aspectos útiles para o profesorado na aula:

- Exercicio de autoridade directiva por parte do profesorado, e non de autoritarismo. Dar razóns e explicacións sobre as propostas, tratar de convencer e negociar máis que de impoñer, respectar o punto de vista dos demais, empatizar co alumnado, coidar as relacións persoais dialogando sen que resten resentimentos.
- Establecemento de vínculos afectivos na relación do profesorado co alumnado: transmitir con claridade que son prezados e que preocupa o seu desenvolvemento e aprendizaxe.

- Atención e control dos malos tratos entre iguais (bullying), que en ocasións pasa moi desapercibido para o profesorado e que é fonte de numerosos conflitos.
- Coidado da aula: unha clase limpa, agradable, ordenada, ben decorada, personalizada segundo os gustos do seu alumnado... invita á tranquilidade. É importante promover a participación do alumnado neste aspecto para favorecer que poidan sentirse cómodos e orgullosos da súa clase.
- Evitación, por parte do profesorado, de actitudes que poden provocar, sen pretendelo, disrupción no alumnado. Altibaixos emocionais, agresividade, falla de respecto cara o alumnado, uso do sarcasmo... Trátase de usar a asertividade na comunicación co alumnado.
- Dispensa de atención individualizada ao alumnado con problemas graves de conduta, solicitando axuda a outros servizos (Orientación, servizos médicos,...) se se considera necesario.
- Ante un conflito, sexa da natureza que sexa, non existe un procedemento único e invariable para ser aplicado con garantías de éxito absoluto.

Á marxe destes aspectos xerais, existen outra serie de elementos/variables de gran utilidade durante o desenvolvemento das tarefas na aula:

1. Motivación: Valorar as contribucións creativas e incorporalas ao grupo, se é posible. Loar, retroalimentar. Manter un ritmo, cambiar sen sobressaltos (as transicións son fonte de moita disrupción). Non interromper o fluír das clases innecesariamente e deixar para o final as cousas que van xurdindo. Axudar aos alumnos/as que o requiran, etc.
2. Contidos e procedementos: Aclarar dúbidas, preguntar polas dificultades, non permanecer demasiado tempo cun mesmo tema. Ter preparadas tarefas a diferentes niveis (atención á diversidade) etc.
3. Supervisión: Non permitir que un grupo ou unha persoa monopolice a atención. aconsellar, anotar, organizar, reprender, escoitar... Optimizar a situación espacial: diante, entre os pupitres, ao final, movéndose para ver as tarefas do alumnado; etc.
4. Ao recoller e saír: Preparar e organizar o final da clase: deixar tempo. Ter previsto que o alumnado máis conflictivo remate a tarefa antes cós/cas outros/as. Resumir o que se fixo e conectalo cos plans para o futuro. Ter unhas breves palabras con aqueles alumnos/as que non colaboraron; etc.

4.1.3. Actuacións a nivel de aula: normas e papel do alumnado e profesorado

Se ben as medidas de mellora no grupo-clase se enmarcan esencialmente na Acción Titorial, é conveniente que constitúan un referente metodolóxico unificado e xeneralizado para todo o profesorado co fin de evitar mensaxes incoherentes ou contraditorios que fosen prexudiciais para a consecución das nosas metas.

Entre estas medidas citamos as seguintes:

- Fomentar a aprendizaxe cooperativa.
- Reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas entre o alumnado.
- Favorecer a autoestima cando se detecten situacións de infravaloración.
- Crear un clima de confianza aceptando as suxestións do alumnado.
- Rexeitar as actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo.
- Establecer normas claras de funcionamento na aula en coordinación coas do Centro cunha formulación positiva.
- Fomentar a participación en tarefas e responsabilidades do Centro.

Ademais, pese a existir unhas normais xerais de convivencia que afectan a todo o Centro, é moi recomendable que as normas de aula sexan consensuadas entre o titor, o profesorado e o alumnado de xeito que todos se sintan partícipes e responsables do cumprimento das mesmas, aínda que o labor do Titor/a como coordinador das mesmas resulte imprescindible.

Para a elaboración destas normas deberanse ter en conta os seguintes criterios:

- a) Deben ser claras e concretas, para que resulte fácil determinar se se compren ou non.
- b) Enunciadas, preferiblemente, en positivo. Mellor facendo referencia a un comportamento correcto que a unha prohibición.
- c) Que resulten realistas e fáciles de cumprir.
- d) Que sexan xustas e comprensibles, que se entenda o seu sentido, a súa razón de ser.
- e) Non excesivas en número.
- f) Non poder ir contra as normas establecidas no Centro nin contra outras de rango superior.
- g) Deben elaborarse nas primeiras clases de cada curso académico.
- h) Cada norma deberá conter unha medida correctora no caso de incumprirse. Esta debe estar relacionada coa norma que non se cumpre.
- i) Resulta imprescindible que todo o profesorado as cumpra.
- j) Tamén se deben incluír normas para o profesorado.

1. As normas para o alumnado deben referirse polo menos aos seguintes aspectos:

- a) Compromiso na asistencia, puntualidade e corrección na aula.
- b) Compromiso para traer á clase todo o material escolar que se precisen (libros, cadernos, bolígrafos...etc...)
- c) Compromiso para realizar puntualmente as tarefas que encomenda o profesorado.
- d) Compromiso para a escoita activa: atención, silencio e petición para intervir.
- e) Compromiso para respectar a todas as persoas da aula, sen interrompelas nin moleсталas.

- f) Compromiso para respectar todo o material da aula, individual e colectivo.
- g) Compromiso para deixar a aula ordenada e limpa antes de abandonala, contemplando sempre o aforro de enerxía.

2. As normas para o profesorado deben referirse aos seguintes aspectos.

- a) Compromiso de puntualidade.
- b) Compromiso de respectar a todas as persoas da aula
- c) Compromiso de cumprir as normas acordadas e de facelas cumprir de maneira xusta e imparcial.

Por último, resulta moi útil contemplar as posibilidades do alumnado para reclamar ante o incumprimento das normas por parte do profesorado a través da Xunta de Delegados, Titoría, Dirección, etc...

Neste sentido, a cada norma debe acompañala un tipo de **medida correctora** para o caso de incumprimento. Algúns criterios para elaborar estas medidas.

- Deben ser realistas e factibles.
- Deben gardar proporción coa falta cometida.
- Deben ser eficaces á hora de corrixir o comportamento inadecuado.
- Sempre que sexa posible, deben ir orientadas a corrixir o problema ocasionado polo infractor, polo que deben gardar unha relación lóxica co tipo de falta cometida.
- Non deben ir contra os dereitos fundamentais da persoa.
- Cada norma debe levar unha ou varias medidas correctoras graduadas, en función da magnitude do dano causado e considerando unha posible reincidencia.

A modo de exemplo propoñemos as seguintes:

- Advertencia razoada do profesor/a oral en público.
- Advertencia razoada do profesor/a oral en privado, ao final da clase.
- Advertencia razoada do profesor/a por escrito.
- Realización de tarefas comunitarias (coordinado polo profesor).
- Unha chamada telefónica aos pais (por parte do profesor, titor, ou xefatura de estudos).

Por último, o **acordo final** debe ser recollido por escrito e asinado por todas as partes. Ademais, os mecanismos de revisión do acordo, e a periodicidade da mesma, poderán ser recollidos no documento pactado. É moi importante contar con mecanismos para o seguimento da eficacia da normativa, coma follas de observación sistemática, cuestionarios para o alumnado e o profesorado..., que axuden a recoller información sobre o funcionamento do sistema.

Por último, a coordinación do profesorado resulta tamén imprescindible. É preciso unificar criterios e consensuar interpretacións sobre as normas, tanto para poder ofrecer ao alumnado un modo de actuar consistente coma para chegar a unha política de Centro na xestión de conflitos. Esta coordinación será tamén a mellor fórmula para que a normativa que sae da participación do alumnado, a nivel de grupo clase, se vaia incorporando ás NOF, reforzando así a coherencia entre os niveis de aula e de Centro.

4.1.4. Actuacións a nivel de participación da comunidade educativa: o traballo coas familias

Somos conscientes de que todo o proceso formativo se sustenta nunha estreita colaboración entre escola e familia sen a que resulta difícil e, en ocasións, inútil o esforzo educativo pola súa colaboración para resolver os conflitos cos seus fillos e/ou fillas. En consecuencia consideramos que as seguintes son propostas necesarias de cooperación a ter en conta polas familias:

- a) Dar modelos positivos e intentar resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- b) Exercicio de autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos/as.
- c) Cooperación co Centro en casos de indisciplina, agresividade, etc.
- d) Colaboración co Centro no proceso de ensino aprendizaxe e de integración escolar.
- e) Non desautorizar ao profesorado diante dos fillos/as.
- f) Fomentar nos seus fillos/as a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía, o respecto cara aos demais e cara á contorna do Centro de ensino.
- g) Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a poñerse no lugar do outro e a controlarse emocionalmente.
- h) Impedir que os fillos/as accedan a contidos da TV, videoxogos ou internet inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- i) Evitar a sobreprotección dos seus fillos/as.
- j) Comprender a etapa de adolescencia e a colaboración dos pais e nais cos seus fillos e fillas nesta idade.
- k) Revalorizar o Centro escolar como un espazo de ensino e de formación.

4.2. ACTUACIÓNS A NIVEL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS

4.2.1. O plan de mediación para a resolución de conflitos

A Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, contempla no seu artigo 20 a necesidade de regulamentar un procedemento conciliado para a resolución de conflitos de convivencia. Partimos de que **a mediación escolar é un método de resolución de conflitos, mediante a intervención dunha terceira persoa, con formación específica e imparcial, co obxecto de axudar ás partes a obter por elas mesmas un acordo satisfactorio.**

Os principais obxectivos que se perseguen con este programa son:

- a) Favorecer e estimular a comunicación, diálogo e consenso entre as partes en conflito.
- b) Promover que ambas partes comprendan o conflito de xeito global e non só dende a súa perspectiva individual.
- c) Axudar a que ambas partes analicen as causas do conflito, separando os intereses dos sentimentos.
- d) Favorecer a conversión das diferenzas en formas creativas de resolución do conflito.
- e) Restablecer, sempre que sexa posible, as feridas emocionais que poidan existir entre as partes enfrontadas.

O equipo de mediación estaría especialmente recomendado para actuar en conflitos coma: *Rumores, insultos, alcumes molestos, queixas, malentendidos...Disputas e pelexas. Amizades deterioradas. Ameazas, presións ou encordios. Situacións vivenciadas como desagradables ou inxustas. Problemas de relación entre membros adultos: profesores/as, familias, persoal non docente; etc.* e estaría formado por persoas de todos os sectores educativos, actuando en función das persoas involucradas no conflito:

CONFLITO ENTRE...	MEDIADORES
<i>Alumnado</i>	un ou dous alumnos ou alumnas + un/unha profesor/a
<i>Alumnado e Pais/nais</i>	un/una alumno/a + un/unha profesor/a ou pai/nai
<i>Profesorado e pais/nais</i>	un profesor/a + un pai/nai
<i>Pais/Nais</i>	un /unha profesor/a + un/unha pai/nai
<i>Alumnado e Profesorado</i>	un/unha alumno/a + un/unha profesor/a

Respecto ao perfil da persoa mediadora, de entre as características e capacidades que debe reunir poderíamos destacar:

- a) *Capacidade de ser neutral*: non tratar de favorecer a ningunha das partes.
- b) *Capacidade de ser flexible* nas súas ideas, non aferrándose absolutamente a ningún presuposto.
- c) *Capacidade de ser paciente*, sendo quen de superar con facilidade o nerviosismo, a ansiedade ou a impaciencia, debendo aportar paciencia, serenidade, saber escoitar con interese, boas formas no trato ás persoas en conflito...
- d) *Capacidade de empatía*, tratando de ver as cousas como cada unha das partes as ve, sendo quen de poñerse no seu lugar.
- e) Capacidade para gardar todo o tratado en secreto, *confidencialidade*.
- f) *Capacidade de escoitar activamente*, sabendo sintetizar datos, reformulando a información recibida, reflectindo os sentimentos, mostrando que entende o que lle pasa ao que fala, adoptando unha postura física de atención.
- g) *Capacidade de absterse de xulgar*, arbitrar e aconsellar.
- h) *Capacidade para saber encaixar os golpes ou ataques* que poida recibir. Gardar a distancia e ter capacidade de encaixe, non inmutarse nin sentirse agredido/a.
- i) *Capacidade de ser respectuoso/a*, admitindo o modo de ser, pensar, sentir e actuar dos/das outros/as, evitando impoñer os criterios propios de respectando a súa autonomía.
- j) *Capacidade de ser obxectivo/a*, tratando de ver o problema dende o máximo de perspectivas posibles.
- k) *Capacidade de ser honrado/a e honesto/a*.
- l) *Capacidade de crear e manter a confianza das partes en conflito*, logrando que se sintan comprendidas e a gusto.

Pero antes de poñer en marcha esta medida resulta fundamental, de cara ao verdadeiro aproveitamento do mesmo, realizar, á marxe dunha correcta selección das persoas involucradas, unha formación específica sobre o tema, no que se inclúsen leccións claras e ben organizadas referidas aos coñecementos necesarios para o desenvolvemento da mediación: o conflito, a comunicación, a escoita activa, a empatía, o proceso mediador, etc..., así como un profundo adestramento práctico que inclúa a realización de todas as tarefas propias do proceso mediador: saber estar, escoitar, comprender, reformular, decidir, guiar, motivar...

En consecuencia, a pesar de que aquí presentamos un procedemento estruturado, debe entenderse como flexible e non rigoroso, asumindo tres características que dan a este proceso valor engadido no ámbito escolar:

- As partes deben cooperar na resolución do seu conflito.
- Ensínase ás partes a prever, tratar e resolver os desacordos que poidan xurdir.
- A resolución do conflito depende exclusivamente da vontade das partes, o mediador non pode impoñer o acordo.

4.2.1.1. PROCEDIMENTO

Creación dun rexistro de instrutores e mediadores:

1. O departamento de orientación, coa colaboración da xefatura de estudos, elaborará un rexistro de persoas instrutoras e outro de persoas mediadoras.
2. O labor das persoas instrutoras é decidir se, ante unha petición de mediación, é posible o procedemento conciliado para a resolución do conflito.
3. A persoa mediador a recibirá o encargo da persoa instrutora de levar a cabo o proceso de mediación.
4. Unha mesma persoa pode ser instrutora e mediadora á vez, pero non no mesmo procedemento conciliado.

Solicitud de mediación a unha persoa instrutora:

5. Se existe un conflito entre membros da comunidade educativa calquera das partes implicadas pode, directa ou indirectamente, solicitar a participación nun procedemento conciliado.
6. Esta petición farase por calquera medio a unha persoa instrutora.
7. A persoa instrutora analizará se convén iniciar a mediación. En caso afirmativo abrirá unha ficha na que traspasará a información á persoa mediadora. En caso negativo deixará reflectidos os seus motivos por escrito. Os escritos referidos e calquera outros que xurdan da mediación serán arquivados no departamento de orientación.

Mediación:

8. A persoa mediadora iniciará o seu labor.
9. No caso de chegar a un acordo entre as partes, a persoa mediadora elaborará unha acta final na que se recollerán os compromisos.
10. No caso de resultar infrutuosa a mediación, a persoa mediadora informará á persoa instrutora que decidirá se busca un novo mediador ou desiste de seguir co procedemento de conciliación.
11. A persoa responsable da titoría ou a xefatura de estudos ou a persoa responsable da dirección do Centro, serán informadas se procede iniciar ou retomar algún procedemento disciplinario.

Seguimento:

12. A persoa mediadora deberá constatar o cumprimento dos acordos entre as partes.

Lembrar que o cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia se o houbera. Caso de non frutificar a mediación ou de ser incumpridos os acordos da mesma ese procedemento de corrección terá que ser retomado (artigo 20 da Lei 4/2011).

Situacións nas que é posible mediar: Non todos os conflitos son susceptibles de mediación. Non se debería pensar en levar adiante unha mediación se:

- As partes non desexan ir á mediación ou algunha das partes asiste coaccionada.
- Existe un gran desequilibrio de poder entre as partes.
- Algunha das partes presenta problemas emocionais ou non existe autocontrol.
- Existen feitos que supoñan vulneración grave de dereitos e/ou delitos.
- O caso xa foi mediado e non se cumpriu co pactado.
- Existe falta de confianza ou credibilidade.

Características da mediación: Deben estar claras para todas as partes. A persoa instrutora, logo de decidir se o caso é susceptible de mediación, explicarállelas ás partes:

- Voluntariedade. Todos participan libremente, e pódense retirar en calquera momento (incluída a persoa mediadora).
- Confidencialidade. Hai un compromiso de non falar do que suceda nas entrevistas da mediación, fóra do procedemento, este compromiso inclúe por suposto á persoa mediadora. Inténtase deste xeito lograr maior e mellor comunicación entre as partes.
- Neutralidade e imparcialidade. A persoa mediadora non se deixará influír por sentimentos, ideas, estados de ánimo, intereses ou motivacións propias. Ademais non tomará partido, manterase imparcial durante todo o proceso. Podemos substituír a palabra imparcialidade por *multipartialidade*, no sentido de que a persoa mediadora debe preocuparse por igual polos intereses, contidos e necesidades de cada unha das partes.

O proceso de mediación. De xeito orientador para a persoa mediadora, o proceso de mediación seguirá os seguintes pasos:

1. Facer as presentacións e preguntar se se desexa a mediación.
2. Obter acordo acerca das regras do procedemento:
 - a) *Respectar as quendas para falar.*
 - b) *Escoitar sen interromper.*
 - c) *Falar con sinceridade.*
 - d) *Non ofender ou insultar.*
 - e) *Ter a intención real de resolver o problema.*
 - f) *Colaborar entre as partes para obter a mellor solución.*
3. Pedirle a cada parte unha descrición da situación.
4. Parafrasear-Reformular o escoitado.
5. Preguntar a cada parte o que pode facer.
6. Preguntar a cada parte o que precisa que faga a outra parte.
7. Parafrasear-Reformular o escoitado.
8. Xerar ideas coas partes.
9. Parafrasear-Reformular o escoitado.

10. Axudar ás partes a analizar as opcións aportadas e escoller as que resulten máis convenientes.
11. Axudar a elaborar o acordo.
12. Consensuar algún procedemento de revisión dos acordos alcanzados.
13. Pedir ás partes que informen aos seus compañeiros e amigos que o problema foi resolto.

Durante a mediación a persoa mediadora deberá favorecer: a escoita activa, amosando o seu interese, tranquilidade, calma, empatía. Buscando coa súa linguaxe, as máis das veces non verbal, que as partes reflictan estas actitudes. Un obxectivo principal é que as partes poidan deixar de lado o seu punto de vista para sintonizar co do seu interlocutor.

Aínda que as partes involucradas nun conflito non cheguen a un acordo, podería considerarse como éxito no procedemento conciliado que as partes desenvolvan as súas habilidades para a resolución de conflitos e/ou recoñezan a situación da outra parte e reflexionen sobre ela. Non so como estratexia para resolver o conflito, senón como camiño para apreciar as dificultades e comprender os sentimentos da outra parte.

4.2.2. Aula de convivencia inclusiva

A creación e posta en marcha dunha aula inclusiva é outra das opcións a nivel de prevención, detección e resolución de conflitos. O seu réxime de funcionamento regúlase no *artigo 19.3 da Lei 4/2011*, tendo como obxectivo fundamental substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao Centro ou á aula, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

Será destinado nesta aula o alumnado que acorde a Comisión de Convivencia do IES de Cacheiras, así como aquel que, de acordo co criterio de calquera membro do plantel docente e tal e como está establecido nas NOF do Centro, deba acudir a ela como medida correctora dalgún comportamento na aula.

Os *obxectivos*, polo tanto, da posta en marcha desta actuación serían:

- Atender ao alumnado que por problemas condutuais non pode permanecer na súa aula cos compañeiros e compañeiras.
- Fortalecer unha escola non excluín-te.
- Potenciar unha educación integral da persoa.
- Promover a compensación educativa.
- Impulsar o crecemento da área da resolución de conflitos de forma positiva e reparadora.
- Crear espazos novos para aprender a resolver os conflitos de maneira pacífica, reflexiva, dialogada e transformadora.
- Participar no proceso educativo con principios solidarios.
- Xerar confianza en medios alternativos á permisividade violenta e á expulsión.
- Ensinar a reflexionar ao alumno/a que foi expulsada da aula.
- Valorar as causas da expulsión da aula.

Ao mesmo tempo, tal e como se recolle no *artigo 25 do Decreto 8/2015*, cómpre recoller neste Plan de Convivencia as *características da aula*:

- O espazo físico será o dunha aula do Centro.
- Pode funcionar a tempo parcial ou a tempo completo, sempre dentro do horario escolar.
- Como mínimo haberá unha persoa responsable do funcionamento da aula.
- Con vocación de substituír o tempo de expulsión con apoios e formación específica.
- Con utilización limitada a casos excepcionais (situacións familiares especiais, idades temperás,...).
- Cun horario individual para o alumno ou alumna, elaborado pola xefatura de estudos, coa colaboración do profesorado titor e do departamento de orientación.
- Procurando a implicación do resto do profesorado.

A creación e posta en marcha dunha aula de convivencia non busca, en definitiva, recluír ao alumnado nunha aula para *facelle pasar o tempo* e realizar tarefas académicas vixiadas individualmente (encomendadas polo profesorado de aula e baixo a coordinación do titor/a), senón que debería permitir adquirir capacidades e aprender habilidades para convivir, modificar condutas e reflexionar sobre as consecuencias da conduta inadecuada e a necesidade de cambiar e mellorar, educar en emocións e sentimentos, etc. Preténdese, en consecuencia, a atención adecuada aos problemas do alumnado, cunha mellor atención e seguimento ás condutas contrarias á convivencia a través do traballo individual ou en pequeno grupo con características e problemática semellantes. Nesta liña, cobra gran relevancia o papel do departamento de orientación na medida en que deberá programar actuacións que favorezan este proceso de reflexión e o fomento de actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

Respecto ao *profesorado que atenderá educativamente a aula*, sempre dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no Centro (que poderá ser profesorado de garda), debe axudar ao alumnado a:

- Reflexionar sobre as consecuencias da súa conduta inaxeitada e a necesidade de mellorar.
- Adquirir capacidades e habilidades sociais.
- Mellorar a autoestima
- Estimular a motivación.
- Realizar as tarefas encomendadas polo profesorado, nas materias nas que están ausentes durante a súa estancia temporal fóra da aula de clase.
- Educar en valores (respeito, tolerancia, responsabilidade, solidariedade...)
- Dialogar, comprometerse, compartir propostas, acordar, controlar os impulsos e emocións...
- Elaborar documentos de compromiso que favorezan o seu cambio de conduta.

Por último, para sacar o máximo rendemento a posta en marcha desta actuación cómpre destacar a necesidade de implicar no seu funcionamento a profesorado voluntario, ao departamento de orientación, aos Servizos educativos, culturais e sociais do Concello, Asociacións de pais e nais, etc.

4.2.3. Medidas no tratamento dos conflitos

Despois de insistir nas medidas de prevención que se desenvolven na aula e no Centro, tamén queremos tratar de dar resposta a conflitos de convivencia que sobrepasan o ámbito da prevención e

que nos sitúan ante alternativas como por exemplo a da expulsión dalgún alumnado do Centro (nos casos moi graves ou nos que o resto das medidas non fosen efectivas). Por todo iso, e como continuidade e conexión coas medidas preventivas propoñemos outras de tratamento (medidas correctoras) como as seguintes:

Desde a aula:

O profesorado titor e alumnado pacta as normas de clase, tal e como se recolleu no apartado 4.1.3., de xeito que do incumprimento das normas séguese un listado de medidas correctoras acordadas.

Desde o grupo de mediación:

Tal e como se expuxo no apartado anterior, a mediación é unha negociación entre as partes en conflito guiadas por unha persoa neutral, o/a mediador/a. Nos casos que son apropiados para a mediación pode contemplarse a posibilidade dunha medida correctora recollida nas NOF.

Desde a secuencia de medidas correctoras:

1º paso: O profesorado na súa aula

- Fixa límites (normas da aula)
- Fai advertencias se non se respectan os límites.
- Establece compromiso co alumnado que non fai caso ás advertencias.
- Deriva o problema ao seguinte nivel.

2º paso: O titor ou titora do grupo

- Programa e desenvolve un seguimento sinxelo do rendemento e do comportamento do alumnado con problemas: a través de táboas actitudinais, diario do equipo docente, etc.
- Entrevístase co alumnado, se observa efectivamente, problemas de conduta ou rendemento inferior ao esperado, desenvolve novas advertencias, novos compromisos, entrevistas coa familia, coa xefatura de estudos, profesorado implicado...
- Deriva o problema ao seguinte nivel de responsabilidades.

3º paso: equipo directivo

- Novas advertencias.
- Novos compromisos.
- Medidas correctoras: os/as responsables de niveis anteriores non deben aplicar esas medidas.
- Derivación do caso á comisión de convivencia (órgano cuxo funcionamento se desenvolve no apartado 5 deste plan).

4º paso: Comisión de convivencia

- Consensúa entre os seus membros a medida ou medidas a tomar.

4.3. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO.

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar

Os efectos son negativos para todos/as: agresor/a, observadores/as, pero especialmente para a vítima. Para esta son efectos duradeiros que provocan altísimos niveis de ansiedade. Son vividos coma unha experiencia traumática e horrible, con alta tensión nerviosa que algúns/algunhas manifestan en síntomas coma dor de estómago e de cabeza, pesadelos, memoria repetida do episodio e ataques de ansiedade e pánico.

Aparecen trastornos no comportamento social coma rabechas, negativismo, timidez, fobias e medos cara á escola, que moi a miúdo se traducen en desexos de absentismo escolar e fugas..

De conformidade co establecido no *artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño*, o plan de convivencia de cada Centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar. NonosocasoseguiraseoProtocolopublicadopolaConselleríasobreAcosoe ciberacoso escolar, onde se recollen as principais liñas de traballo en termos de prevención, detección e tratamento.

Así, e a grandes rasgos, un dos principios básicos que rexen o funcionamento do Centro será o de *concienciar sobre o respecto aos demais como mecanismo primordial de convivencia*, de xeito que en todos os documentos de Centro se recolla que calquera acto de discriminación pola razón que sexa será considerado como conduta gravemente prexudicial para a convivencia, facendo especial fincapé desde o primeiro momento no que chegan ao Centro da importancia dos espectadores no proceso de denuncia de posibles situacións de acoso.

Por outra banda, a través de todo o plantel docente se lles inculcará de xeito transversal a importancia do bo uso das novas tecnoloxías como mecanismo de prevención do ciberacoso.

Alén destas medidas, tentarase levar a cabo diversos obradoiros co alumnado por persoal experto e alleo ao Centro no que se lles conciencie sobre a importancia destes aspectos.

Por outra banda, e tal e como sinala o protocolo, ante unha situación de posible acoso debemos apoiar o fomento da mediación escolar como proceso educativo na xestión de conflitos, e como paso previo ao réxime disciplinario e as medidas correctoras. De non chegarse a unha solución consensuada, a Comisión de Convivencia deberá adoptar as medidas correctoras que a lei lle outorga ante os casos de acoso e/ou poderá derivar ao seu tratamento na Aula de Convivencia (no caso de dispor dela dentro dos recursos do Centro).

4.4. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DO IES

4.4.1. Plan de acollida para alumnado e profesorado novo

Establécese un Plan de acollida para todo o alumnado, familias e profesorado novo, que entre por primeira vez no noso IES de Cacheiras. Este ten os seguintes obxectivos:

1. Brindarlles a mellor información posible para que se integren de forma satisfactoria no Centro:
 - Informar sobre algúns aspectos de organización e funcionamento: horarios, actividades e protocolo de faltas de asistencia, materiais necesarios para o alumnado, tipo de bolsas e axudas para material escolar, libros de texto e colaborar na súa tramitación.
 - Reunións cos Centros adscritos e visita dos alumnos ao IES de Cacheiras.
 - Informar sobre outros servizos e actividades do Centro: actividades extraescolares, saídas, excursións, etc...
 - Informar sobre servizos sociais que poidan servir de axuda e referencia.
2. Dispor de persoas de referencia nas que poder canalizar as principais dúbidas, opinións, necesidades, suxestións, etc..., ao logo do curso.
3. Promover o acceso, permanencia e promoción educativa, articulando medidas que fagan efectiva a compensación de desigualdades de partida e orientando a súa promoción no sistema educativo.
4. Potenciar os aspectos de enriquecemento que achegan as diferentes culturas, desenvolvendo aqueles relacionados co mantemento e difusión da lingua e cultura propia do alumnado.

4.4.2. Plan de Igualdade

O compromiso da tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a fomentar o respecto da igualdade de sexos. A educación para a igualdade entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos. Hoxe é mais urxente ca nunca inculcar a necesidade de rexeitar as desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo. Ademais, segundo a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, non se permitirá ningunha forma de machismo, misoxinia ou calquera outra desigualdade entre alumnos e alumnas que supoñan unha falta de respecto á identidade e á imaxe das mulleres, por máis que sexan crenzas, prexuízos, tradicións ou costumes transmisores sustentados, directa ou indirectamente, nunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou nunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida. No caso de producirse algún conflito deste tipo, isto será considerado como falta gravemente prexudicial para a convivencia no Centro.

Acorde con esta idea, dende o IES de Cacheiras pretendemos ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade. Propúgnase unha educación xusta e, polo tanto, coeducativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do Centro. En concreto no Centro debe existir un tratamento de linguaxe: uso dunha linguaxe non sexista, no que se contemple e se visualice o xénero feminino. Os escritos e

documentos dirixidos desde o Centro así como desde a ANPA terán en conta este aspecto na redacción de comunicados e documentos para transmitir a información. Ademais, outras medidas a promover polo noso Centro serán:

- Sensibilizar e concienciar aos alumnos e alumnas coa realización de actividades de formación (charlas, talleres, etc.) sobre coeducación.
- Repartir de maneira equilibrada as tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos.
- Ter unha igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.)
- Seleccionar os textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.)
- Tratar de erradicar os comportamentos e actitudes relacionais entre o alumnado que non sexan igualitarios. Romper desde a aula os estereotipos sexistas.
- Canalizar o rol de protagonismo que ostenten os homes cara a situacións de liderado compartido e relacións afectivas coas súas compañeiras.

4.4.3. Programa de educación para a saúde

No IES de Cacheiras débense promover programas de educación para a saúde que teñan como obxectivos os seguintes:

- Fomentar unha Educación para a saúde orientada ás destrezas.
- Desenvolver unha educación en hixiene e nutrición centrada no desenvolvemento dos coñecementos, actitudes e destrezas que permitirán tomar decisións positivas no ámbito da saúde.
- Axudar aos mozos e mozas a adquirir habilidades de comunicación e negociación, a capacidade de dicir “non” e de pensar en forma crítica, resolver problemas e tomar decisións en forma independente.
- Contribuír ao desenvolvemento de actitudes e valores que promovan o respecto a si mesmo e aos demais, a tolerancia das diferenzas individuais e a coexistencia pacífica.
- Adoptar hábitos promotores da saúde, en tanto que contribúen a reducir os comportamentos de alto risco asociados con enfermidades transmitidas sexualmente, embarazos non programados, abuso de alcol e drogas, violencia, danos á integridade física, entre outros.
- Promover dietas saudables acompañadas dun axeitado exercicio físico.

4.4.4. Programa de cultura de paz e interculturalidade

No IES de Cacheiras promoveranse programas de cultura de paz e interculturalidade, que teñan como obxectivos, relacionados con este plan de convivencia os seguintes:

- Reflexionar ampla, profunda e criticamente sobre o fenómeno da globalización, identificando as repercusións da mesma sobre o desenvolvemento sostible e a distribución da riqueza a escala mundial para os distintos continentes, países, comunidades e colectivos humanos, e desentrañando os mecanismos e procesos actantes que posibilitan e posibilitarán as devanditas repercusións.

- Elaborar propostas alternativas que corrixan os efectos contrarios ao desexable desenvolvemento global e igualitario de todos os pobos e colectivos.
- Propiciar o encontro de culturas, os seus coñecementos e experiencias en ámbitos locais e globais de Educación para a Paz, os Dereitos Humanos e a Transformación Positiva dos Conflitos con Horizonte de Reconciliación.
- Contribuír á construción da Paz, mediante a identificación de claves sociais e interculturais que nos acheguen a un mutuo enriquecemento en Cultura de Paz.
- Fomentar unha Cultura de Paz a través dunha educación e ética públicas que incidan no respecto dos Dereitos Humanos e nunha recta administración da xustiza e na reconciliación.
- Deseñar e participar en proxectos de cooperación internacional que apoiem a articulación entre as propostas de Desenvolvemento, Dereitos Humanos e Paz.

4.4.5. Programa lector

No IES de Cacheiras promovemos un PLAN LECTOR, que ten como obxectivos, relacionados con este Plan de Convivencia, os seguintes:

- Espertar a curiosidade na mocidade para acceder a libros do seu interese de xeito progresivamente autónomo.
- Ampliar os referentes culturais e estéticos , a través da inmersión no mundo dos libros.
- Facilitar o espazo físico e afectivo para o desenvolvemento da creatividade e imaxinación do alumnado.
- Lograr que o alumnado tome espontaneamente a palabra para expresarse.
- Facilitar a relación entre o lido e as experiencias cotiás do alumnado.
- Colaborar no fortalecemento do hábito de escoitar comprensiva e atentamente o que outros expresan, contan ou len, comprendendo e recordando o máis significativo, e reaccionando a través de comentarios, preguntas e respostas.
- Potenciar o interese por ler para descubrir e comprender o sentido de diferentes textos escritos.
- Propiciar o respecto polas normas de convivencia en conversacións, discusións e traballos grupais, aceptando as opinións alleas, o pensamento diverxente e as quendas para falar.
- Apoiar o labor docente en relación ao desenvolvemento de habilidades relacionadas co coñecemento teórico e práctico.

4.4.6. Programa de adestramento en habilidades sociais

No IES de Cacheiras promovemos programas de adestramento de habilidades sociais, que teñan como obxectivos, relacionados con este Plan de Convivencia, os seguintes:

- Mostrar condutas verbais e non verbais de “escoita activa”
- Identificar emocións e sentimentos das outras persoas.
- Comunicar os propios desexos, opinións, intencións, emocións, sentimentos.
- Saudar de forma adecuada a distintas persoas do seu contorno social .
- Saber despedirse correctamente.
- Saber presentar aos compañeiros e compañeiras nas situacións adecuadas.
- Aceptar a propia responsabilidade, ante un fallo cometido, e pedir desculpas adecuadamente nos casos en que sexa preciso facelo.

- Responder de modo apropiado ás críticas que proveñan doutras persoas.
- Expresar críticas axeitadamente, nos momentos oportunos, á conduta doutras persoas.
- Chegar puntual ás clases e/ou ás citas e reunións que previamente fixou con outras persoas.
- Saber encher os impresos de matrícula escolar.
- Saber escribir unha carta solicitando algo que necesita ou agradecendo algo que recibiu
- Saber felicitar, dar o parabén/dar o pésame,... de maneira correcta e nas situacións axeitadas.
- Comportarse correctamente cando se asiste a festas de calquera tipo, conferencias, audicións...
- Saber compartir e prestar os obxectos persoais.
- Saber comportarse democraticamente en grupo.
- Respetar as propiedades dos demais.
- Utilizar as papeleiras no Centro, en rúas, parque e locais públicos.
- Mostrar condutas de cortesía e boa educación en distintas situacións

5. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia, tal e como se recolle no *Decreto 8/2015 no artigo 6*, constitúese no seo do Consello Escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar.

Segundo o establecido no *artigo 6.2* de dito Decreto, os seus membros serán elixidos polo consello escolar, debendo estar representados, de forma equilibrada, mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa, sendo nomeados pola persoa titular da dirección do Centro, por proposta dos colectivos representados. A maiores da persoa titular da dirección do Centro, que exercerá de presidente, haberá representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos. Todos os representantes estarán na mesma proporción na que se atopan representados no consello escolar. Por último, unha das persoas integrantes actuará como secretario/a, quen levantará acta das súas reunións.

Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente, aconsellándose que formen parte desta comisión a persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, profesorado que realiza a función específica de dinamización da convivencia (segundo a Orde do 17 de xullo de 2007) ou calquera outra persoa que teña formación nos temas relacionados coa convivencia.

Competencias da Comisión de Convivencia

- a) Elaborar o plan de convivencia do Centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión, función que será sumida polo equipo directivo cando non estea constituída, que será aprobada polo consello escolar tal e como se recolle no artigo 10 da Lei 4/2011.

- b) Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.
- c) Elevar ao consello escolar de cada Centro e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no Centro propostas polas escolas de nais e pais que se poidan crear no Centro e de establezan no plan de convivencia.

Funcións da Comisión de Convivencia

A comisión terá, por delegación do consello escolar, as seguintes funcións:

- a) Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do Centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propoñer ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propoñerlle, de ser o caso, á persoa titular da dirección do Centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no Centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no Centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do Centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do Centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do Centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Ademais, co obxectivo da mellora da convivencia, a comisión poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello ou doutros profesionais segundo a problemática da que se trate, así como das asociacións do sector que podan contribuír á mellora da convivencia.

Funcionamento e renovación da Comisión de Convivencia.

A Comisión de Convivencia celebrará tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocado pola presidencia, por iniciativa propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión renovarase cada dous anos na primeira reunión do Consello Escolar que se celebre tras a súa renovación parcial.

6. CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES DO DESENVOLVEMENTO DAS DIFERENTES MEDIDAS

Neste Plan de convivencia do IES de Cacheiras é preciso que se involucren todos os sectores da comunidade educativa para que sexa efectiva a calidade da convivencia. As funcións de cada un dos colectivos recóllense a continuación.

O EQUIPO DIRECTIVO DO CENTRO debe:

- Incorporar a mellora da convivencia no proxecto educativo do Centro.
- Poñer ao servizo do plan os recursos do Centro.
- Crear condicións para favorecer a participación de toda a comunidade educativa.
- Coordinar as actuacións xunto co equipo que compón o Observatorio de convivencia.
- Incorporar o Plan aos documentos institucionais.
- Introducir os cambios necesarios para o desenvolvemento do Plan nas estruturas organizativas e a xestión do Centro.
- Favorecer un desenvolvemento coherente do plan a través da coordinación pedagóxica.

O PROFESORADO debe:

- Informarse.
- Formarse.
- Colaborar nas actividades do proceso de elaboración do Plan de convivencia.
- Realizar na súa práctica docente os cambios necesarios para actuar en coherencia cos principios educativos do plan e orientar aos seus alumnos e alumnas en consecuencia.
- Implicarse nas diferentes actuacións xerais de desenvolvemento do Plan.
- Reflexionar sobre o proceso seguido para mellorar o Plan de Convivencia.

O ALUMNADO debe:

- Informarse.
- Formarse.
- Asumir as súas responsabilidades.
- Respectar as normas do Centro.
- Colaborar na elaboración e desenvolvemento do Plan de Convivencia.
- Aprender a ser coherente cos valores do Centro.

AS FAMILIAS deben:

- Informarse.
- Formarse.
- Colaborar nas actividades do Plan de Convivencia ás que se lles invite a participar.
- Educar aos seus fillos en coherencia cos principios educativos do Plan de Convivencia.
- Realizar o seguimento das actitudes dos seus fillos.

- Colaborar co profesorado.
- Cooperar nas actividades do Centro.

OUTROS PROFESIONAIS E INSTITUCIÓNS deben:

- Informarse.
- Poñer os seus recursos a disposición da escola.
- Colaborar cos profesores, os alumnos e as súas familias.
- Actuar en coherencia cos principios educativos do Centro durante as colaboracións.
- Coordinarse co Centro en todas as actuacións.

7. NORMAS ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

A Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa ten por obxecto regular as normas básicas de convivencia nos Centros docentes e a participación directa das familias, así como do resto da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo. Na mencionada lei recóllense os dereitos e deberes de: nais e pais ou das titoras ou titores, alumnado, profesorado e do persoal de administración e servizos. O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño antes mencionada. Por outra parte, o artigo 120 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2006 do 3 de maio, establece a autonomía dos Centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento.

As normas de convivencia, organización e funcionamento, ao ser aprobadas polo Consello Escolar, son de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade educativa do instituto.

Na páxina web do Centro estarán expostas as programacións de cada un dos departamentos, o PEC e a PXA co obxectivo de facer públicos os criterios xerais que marcan a dinámica do Centro.

7.1. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO, COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

As normas de convivencia axudan a regular comportamentos e describen con precisión as accións que deben poñerse en práctica así como as correccións polo seu incumprimento. O obxectivo das mesmas debe ser sempre conducir a unha mellora educativa, tendo presente que os dereitos de toda a comunidade educativa deben estar salvagardados.

7.1.1. Normas xerais de funcionamento.

O Plan de Convivencia do centro marca as liñas mestras do estilo educativo que pretendemos para o noso centro. A convivencia é a condición básica da disciplina, como esta o é da aprendizaxe. Precísase da colaboración de todo os membros da comunidade educativa para crear un clima propicio para acadar os obxectivos propostos. Poderíamos resumir a colaboración que se lle pide ao alumnado nos seguintes puntos:

Respecto para todos. Colaboramos:

- a) Sendo respectuosos con todos os membros da comunidade educativa, cultivando a urbanidade e a cortesía no trato: saudándonos, empregando unha linguaxe axeitada.
- b) Escoitando con atención as opinións dos demais, evitando comentarios inadecuados ou burlas.

Asistencia e puntualidade. Colaboramos:

- a) Sendo puntuais nas clases e nos actos organizados polo centro. A asistencia é obrigatoria.
- b) Xustificando de antemán as ausencias ou retrasos previstos. Advertindo das non previstas cunha chamada á conserxería por parte do pai, nai ou titor legal e entregando á persoa

responsable da titoría o modelo de xustificante ao volver ás clases.

- c) Dirixíndonos directamente á clase cando chegamos tarde, pedindo permiso para entrar e xustificando o retraso ao profesor ou profesora e posteriormente, por escrito, á persoa responsable da titoría.

Bo ambiente de traballo. Colaboramos:

- a) Aproveitando as clases, para o que é preciso: atención, interese, estímulo, traballo e orde, permanecendo na aula nos cambios de clase, para estar dispostos a comezar a seguinte clase en canto entre o profesor ou profesora na aula.
- b) Se temos que nos desprazar polo instituto, facéndoo con orde, procurando camiñar con axilidade e falando baixo para non dificultar o traballo doutros grupos.
- c) Se temos que saír da aula de xeito excepcional, solicitando permiso previamente e sempre ao profesorado que entra, non ao que sae.
- d) Deixando a aula ordenada para o seguinte grupo que a vaia usar ou para que resulte máis sinxela a tarefa da limpeza ao persoal encargado dela (levantando as cadeiras do chan na última hora da mañá ou da tarde).

No tempo de lecer. Colaboramos:

- a) Respectando o traballo dos grupos que están na clase.
- b) Cumprindo a lexislación vixente respecto ao consumo de tabaco, favorecendo así a nosa saúde e a dos demais.
- c) Solicitando o uso do teléfono da conserxería se precisamos contactar coas nosas familias (lembra que o uso do móbil está prohibido no centro).
- d) Comendo e bebendo na zona da cafetería, nos patios ou na zona do vestíbulo principal; nunca levamos comida ou bebida á zona das aulas.
- e) Empregando as papeleiras para botar o lixo, colaborando co coidado do medio ambiente e facilitando o traballo do persoal encargado da limpeza.
- f) Agardando a que soe o timbre para acceder ás aulas e estando atentos para chegar co tempo suficiente ás clases logo dos recreos

7.1.2. Dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa.

7.1.2.1. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

Os dereitos e deberes do alumnado recóllense na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa” (DOG, nº 136, 15-7-2011) que no título II, artigo 7.

Dereitos básicos do alumnado.

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración

educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do Centro en materia de convivencia.

Deberes básicos de convivencia do alumnado

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no Centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do Centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do Centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do Centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos Centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir á clase con puntualidade e co material preciso

7.1.2.2. DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

Os dereitos e deberes do alumnado recóllense na “Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa” (DOG, nº 136, 15-7-2011) que no título II, artigo 8.

Dereitos do profesorado.

- a) A ser respectado no relativo á súa identidade, integridade e dignidade persoais, e a recibir un trato adecuado, así como a ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da citada lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Deberes do profesorado.

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoa en coñecemento dos membros do equipo directivo do Centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais e ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no Centro para a atención daqueles ós que lles impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do Centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

7.1.2.3. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS

Os dereitos e deberes do alumnado recóllense na “Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa” (DOG, nº 136, 15-7-2011) que no título II, artigo 9.

Dereitos do PAS.

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011.

Deberes do PAS.

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do Centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

7.1.3. Condutas contrarias á convivencia.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, clasifica as condutas contrarias á convivencia nos Centros docentes en: condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia

7.1.3.1. CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do Centro están recollidas no artigo 15 da lei 4/2011, do 30 de xuño:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar (artigo 28: “considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”).
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos Centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do Centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa (artigo 11.3: “O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do Centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares”). En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 cando se é requirido para iso polo profesorado.

- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

7.1.3.2. CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

As condutas leves contrarias á convivencia están recollidas no artigo 16 da lei 4/2011, do 30 de xuño:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do Centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada Centro docente.
- d) A reiterada asistencia ao Centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada Centro docente.

7.1.3.3. PRESCRICIÓN DAS CONDUCTAS

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos Centros docentes prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

Este prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo que se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.

No caso de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado/a, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

7.1.4. Medidas correctoras e sancións.

No artigo 18 da Lei 4/2011 sinálanse os Principios xerais das medidas correctoras

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
- a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
 - b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
 - c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
 - d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

7.1.4.1. MEDIDAS CORRECTORAS E SANCIÓN PARA AS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA

No artigo 21 da lei 4/2011, veñen recollidas as medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. Estas medidas poden chegar ata a suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes ou, incluso, a expulsión definitiva motivada por un cambio de Centro. Concretamente, as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser corrixidas con:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do Centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do Centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período máximo de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.
- f) Cambio de Centro. Esta medida terá carácter excepcional e non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu Centro (ou na súa localidade de residencia) non exista outro Centro docente que imparta as ensinanzas que curse. Esta proposta, no caso de proporse, poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia. Esta proposta, logo de que a dirección do Centro comprobe que se cumpren os requisitos establecidos, será comunicada inmediatamente á xefatura territorial correspondente con achega do expediente do procedemento. Unha vez recibida e analizada, a xefa ou xefe territorial, tendo en conta o informe de Inspección educativa, autorizará mediante

resolución a aplicación da medida. No caso de non autorizala, a dirección deberá modificar a proposta e aplicar outras medidas correctoras.

Ao mesmo tempo, o Decreto 8/2015, no seu artigo 39.2 establece que aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) sinaladas anteriormente.

Estas medidas correctoras só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento de corrección no artigo 25 da lei 4/2011, do 30 de xuño, que se desenvolve no capítulo IV do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro podendo realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común. Correspóndelle á Dirección do Centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información. Para a instrución do procedemento nomearase unha persoa instrutora, que no caso do procedemento común será elixida preferentemente mediante sorteo entre o profesorado do Centro. Neste sorteo quedarán excluídos:

- a) O profesorado substituto.
- b) O profesorado que imparta clase nos grupos aos que pertenza o alumnado implicado. c) A persoa titular da Dirección do Centro.
- c) A persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.
- d) Os representantes do profesorado no Consello Escolar. f) O profesorado que xa fora instrutor nese curso escolar.
- e) O profesorado que teña relacións familiares ou laborais co alumno ou alumna.

As medidas correctoras destas condutas só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado no artigo 25 da Lei 4/2011:

1. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do Centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor do alumno/a ou da persoa titular da xefatura de estudos ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.
2. A incoación do procedemento notificarase á nai/pai/titor legal ou ao propio alumno/a (no caso de ser maior de idade), con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarse á Inspección educativa.
3. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación o director/a pode adoptar por iniciativa propia ou da persoa instrutora medidas provisionais como o cambio temporal de grupo ou a suspensión do dereito de asistencia ao Centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. Esta medida debe ser notificada ás nais/pais/titores legais ou ao alumno ou alumna no caso de ser maior de idade.
4. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará unha proposta de resolución e convocará unha comparecencia cos interesados en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e levantarse acta desta sesión.

5. Realizado o trámite de audiencia a persoa encargada da dirección do Centro ditará resolución motivada e, se é o caso, a corrección ou a obriga de reparar os danos.
6. A resolución notificarase á nai/pai/titor/a legal nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento e comunicárase a inspección educativa.
7. A resolución pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución do director/a cabe instar a revisión perante o consello escolar no prazo de dous días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que establece que *cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do Centro, o consello escolar, a instancia de pais ou tutores, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.*

7.1.4.2. MEDIDAS CORRECTORAS E SANCIONS PARA AS CONDUTAS LEVEMENTE CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Pola súa parte, as condutas levemente contrarias á convivencia poderán ser corrixidas con (*artigo 22 Lei 4/2011*):

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos e amoestación por escrito.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do Centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa, sempre que os danos sexan leves e non fosen feitos con premeditación, con intencionalidade nin con reincidencia.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do Centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo do/a alumno/a por un período máximo dunha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período máximo de tres días. Durante o tempo que dure a suspensión o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo onde determine a dirección ou a xefatura de estudos.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

7.1.4.3. ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS

Tal e como se recolle nos artigos 19 e 20 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa as medidas correctoras compléméntanse con:

A.- Un **programa de habilidades sociais**:

- Dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.
- Elaborado e desenvolvido polo departamento de orientación.
- Aplicado en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais.
- Procurando a implicación do resto do profesorado e das familias

B.- Unha **aula de convivencia inclusiva**:

- Non estable.
- Con vocación de substituír o tempo de expulsión con apoios e formación específica.
- Con utilización limitada a casos excepcionais (situacións familiares especiais, idades temperás,...).
- Cun horario individual para o alumno ou alumna, elaborado pola xefatura de estudos, coa colaboración do profesorado titor e do departamento de orientación.
- Procurando a implicación do resto do profesorado.

C.- Un **procedemento conciliado** de resolución de conflitos:

- Con carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais.
- Que suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta contraria á norma de convivencia, pero que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.

7.1.4.4. PROCEDIMENTOS SOBRE MEDIDAS CORRECTORAS E SANCIÓN

Antes de expor os procedementos sobre medidas correctoras e sancións, cómpre sinalar unha serie de cuestións, extraídas fundamentalmente da propia *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, a ter en conta antes de decidir a medida axeitada.

- a) Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar. Así mesmo, poderán corrírse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar. As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.
- b) O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos Centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está

obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

No caso no que non sexa posible determinar con exactitude a autoría dos danos, será o grupo responsable da aula e do seu material o que se fará cargo do custo da reparación de forma solidaria e conxunta. Caso de que os desperfectos se produzan fóra da aula, serán os grupos que ocupen a planta, o corredor ou a zona afectada os que se farán cargo da reparación ou pago dos danos.

- c) Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
- d) O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido (nos dous puntos anteriores) é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.
- e) Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do Centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.
- f) As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia haberán de ter un carácter educativo e recuperador , garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no Centro docente.
- g) Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e a dignidade persoal do alumnado.
- h) Teranse en conta a idade e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais do alumnado. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

A continuación móstranse os procedementos sobre medidas correctoras e sancións. En primeiro lugar a correspondente á ficha na que se recollen as incidencias do alumnado, así como os pasos a seguir e persoal implicado, e en segundo lugar a ficha correspondente á comunicación de conduta reiterada ou de especial gravidade contraria ás normas de convivencia.

PROCEDIMENTO SOBRE MEDIDAS CORRECTORAS E SANCIONES 1




INCIDENCIAS DO ALUMNADO

Responsables: calquera membro do profesorado que teña coñecemento dunha incidencia, e considere que pode ser unha conduta contraria ás normas de convivencia do Centro; **titor ou titora** do alumnado responsable da conduta en cuestión. ¹

Calquera membro do profesorado que teña coñecemento da incidencia (*ver na páxina seguinte exemplos deste tipo de condutas*):informará persoalmente ao profesorado titor do alumnado responsable de dita conduta e un dos dous encargárase de informar á familia á maior brevidade posible creando unha incidencia a través do programa Abalar

Titor/a: unha vez oído/a o alumno/a, decidirá, xunto co profesor ou profesora que rexistrou a incidencia, se procede algunha medida correctora (*ver máis adiante exemplos de posibles medidas correctoras antes de decidir a medida axeitada*);

- se procede unha medida correctora comunicárase por correo electrónico ao resto do profesorado do alumno/a para que estea informado;
- se a medida correctora implica que o alumnado acuda ao Centro en período non lectivo, comunicárase este feito á familia anticipadamente co visto bo da xefatura de estudos;
- se o alumno/a é reincidente (dúas ou máis incidencias) comunicárase coa familia do xeito que considere máis oportuno. Unha vez informada a familia, titor/a e xefatura de estudos consignarán a data e persoa de contacto.




1 Inicio
3 espazo Profesorado
 4 espazo Centros

Inicio > Selección de grupo

Grupos dos que é profesor/a

Accións

- Subscripcións
- Incidencias na aula**
- Avisos a grupos
- Avisos e notificacións
- Citas de tutoría
- Espazo tutorías
- Mensaxería
- Xustificación de faltas
- Inserción de faltas




 Pazos Celis, Trinidad

1 Inicio
3 espazo Profesorado
 4 espazo Centros

Inicio > Incidencias na aula

Trinidad Pazos Celis

1º Ensinanza secundaria obrigatoria B - IES de Cacheiras

Incidencia

Observacións
 0/1024

Notificar ao titor
 Notificar ao xefe de estudos

CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS APLICABLES:

CONDUTAS	CORRECCIÓNS
1. Acceder á zona das aulas antes de que soe o timbre.	<p>1. Realización de traballos específicos en horario non lectivo, por exemplo:</p> <p>a) acudir un ou máis recreos a realizar traballos extraordinarios relacionados cunha ou varias materias;</p> <p>b) acudir un ou máis recreos a realizar traballos de redacción ou similares relacionados coa conduta a corrixir.</p>
2. Saír ou entrar desordenadamente no Instituto ou na	
3. Chegar tarde á clase sen xustificación.	
4. Non facer os deberes escolares.	
5. Non traer o material escolar necesario: libros, cadernos, bolígrafo, e roupa e calzado deportivo, no caso da clase de Educación física.	
6. Permanecer pasivo, inactivo, con falta de interese.	
7. Dedicarse a materias alleas á clase.	
8. Pintar nos cadernos ou libros alleos.	
9. Levantarse do sitio sen permiso.	
10. Falar cando está falando o profesorado.	
11. Consumir algún tipo de comida ou bebida sen permiso en zonas non habilitadas.	<p>2. Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do Centro, por exemplo:</p> <p>a) acudir un ou máis recreos a realizar traballos que contribúan ao mellor funcionamento da biblioteca (clasificación de libros, ordenar estantes,...);</p> <p>b) acudir un ou máis recreos a realizar traballos relacionados coas condutas a corrixir (recollida de lixo ou papeis nos patios e corredores, tarefas relacionadas coa reciclaxe, actualización de taboleiros informativos, ...).</p> <p>c) acudir unha ou varias tardes a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do Centro;</p> <p>d) facerse cargo do custe económico da reparación das instalacións ou da reposición do material estragado.</p> <p>3. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou a suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro por un período de ata tres días lectivos</p> <p>4. No caso de teléfonos móbiles, MP3 ou similares, empregados indebidamente, comunicárase ao pai/nai ou titor/a legais a sanción e, no caso de reiteración, poderá chegarse á suspensión do dereito a asistencia ao Centro.</p>
12. Non colaborar co mantemento da limpeza e a orde no Centro (non empregar as papeleiras debidamente, non levantar as cadeiras ao rematar as clases, desordenar mobiliario, etcétera).	
13. Uso do teléfono móbil no recinto escolar	
14. Non respectar as normas de seguridade no transporte escolar ou non atender ás indicacións do responsable do transporte.	
15. Faltar á clase sen xustificación.	
16. Non facer as tarefas de clase.	
17. Dirixirse de forma insolente ou maleducada a outros membros da comunidade educativa.	
18. Gardar as cousas antes de tempo sen permiso.	
19. Abandonar a clase sen permiso.	
20. Ignorar as indicacións do profesorado ou do persoal non docente.	
21. Perturbar a orde na clase con xestos, rindo, facendo ruídos, dando berros ou calquera outro acto improcedente.	
22. Perturbar a orde en calquera momento sen clase.	
23. Deterioración non intencionada das instalacións ou do material do Centro debido ao seu mal uso.	
24. Pintar nas mesas ou paredes.	
25. Deteriorar material escolar alleo.	
26. Manipular elementos de seguridade (alarmas, extintores etcétera).	
27. Uso do teléfono móbil, MP3 ou similares dentro da aula.	
28. Uso do ordenador E-dixgal para calquera finalidade que non sexa a estritamente educativa.	

PROCEDIMIENTO SOBRE MEDIDAS CORRECTORAS E SANCIONES 2

COMUNICACIÓN DE CONDUCTA REITERADA OU DE ESPECIAL GRAVIDADE, CONTRARIA ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

Responsables: titor/a do alumnado implicado e xefatura de estudos.

Titor/a. Informará persoalmente á xefatura de estudos de dita conduta á maior brevidade posible e cumprimentará un informe a disposición de todo o profesorado indicando o motivo da comunicación e outras circunstancias de interese no caso de que algún alumno/a da súa titoría presenta nun mesmo trimestre (ou avaliación):

- a) Acumulación de incidencias leves;
- b) ou unha incidencia que pola súa especial gravidade puidera ser considerada como conduta gravemente prexudicial para a convivencia do Centro, como por exemplo:
 - faltas graves de respecto ao profesorado ou ao persoal non docente.
 - fotografar e/ou gravar imaxes e/ou sons no recinto do instituto (patio incluído) sen autorización previa
 - fumar no instituto;
 - a falsificación ou subtracción de documentos académicos;
 - inxurias, ofensas graves, ameazas,... contra calquera membro da comunidade educativa;
 - furtar material do Centro;
 - maltratar ou deteriorar as instalacións ou material do Centro ou doutros membros da comunidade educativa;
 - pelexas, agresións físicas;
 - consumo ou tráfico de drogas no Centro ou no seu entorno;
 - incumprir as correccións ou sancións impostas;
 - calquera acto inxustificado que perturbe gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro.

Xefatura de estudos: Unha vez oído o alumno ou alumna, decidirá, xunto co titor/a:

- a) se procede algunha medida correctora ou sanción das contempladas no *Protocolo sobre Medidas Correctoras e Sancións 1*.
- b) ou a suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do Centro por un período de ata dúas semanas;
- c) ou o cambio de grupo por un período de ata unha semana;
- d) ou propoñer á persoa titular da dirección do Centro a suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou a suspensión temporal do dereito de asistencia ao Centro por un período de ata tres días lectivos;
- e) ou informar á persoa responsable do departamento de orientación para valorar unha posible derivación ao equipo específico.
- f) ou propoñer á persoa titular da dirección do Centro a tramitación do procedemento disciplinario

regulado para corrixir condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

En calquera caso a persoa que ocupe a xefatura de estudos rexistrará a decisión, para deste xeito informar ao resto do profesorado.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO

Co obxectivo de garantir o mellor desenvolvemento do Plan, así como de obter o máximo aproveitamento do mesmo, buscarase unha coordinación constante entre todos os membros da comunidade educativa.

Así, á marxe das reunións da comisión de convivencia, desde a dirección do Centro buscarase manter informado a todo o persoal docente e non docente das diferentes medidas e actuacións que se están a levar a cabo no Centro, tanto a nivel de medidas correctoras como de actividades que se están a levar a cabo dentro do mesmo para favorecer un clima de convivencia positivo.

Desenvolveranse de maneira coherente, coordinada e desde o compromiso de todos os membros da comunidade educativa todas as actuacións que se seleccionen na concreción anual, destacando, en todo caso:

- Actuacións previstas para a consecución dos obxectivos, explicitando para cada unha destas as persoas responsables, os recursos dispoñibles e os procedementos que se deben seguir.
- Actuacións conxuntas dos órganos de goberno e de coordinación docente do Centro en relación co tratamento da convivencia.
- Actuacións conxuntas dos equipos docentes, en coordinación co departamento de orientación, para o tratamento da convivencia nos grupos de alumnado.

Será de especial importancia para o desenvolvemento do mesmo a colaboración con diversas entidades do entorno que podan poñer en marcha actuacións neste eido cos membros da comunidade educativa: tanto alumnado como profesorado e demais traballadores do Centro, cobrando gran relevancia o contacto constante co Concello e os colexios adscritos ao IES.

9. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Aínda que todos membros da comunidade educativa son responsables e partícipes da desenvolvemento e difusión deste plan, é a comisión de convivencia a que deberá adoptar un papel protagonista na difusión do mesmo, para o que contará con diferentes canles:

- Consello escolar.
- Titorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións da xunta de delegados.
- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do Centro educativo.
- ANPA do Centro ou dos Centros educativos do contorno.

Os medios para levar a cabo esta difusión poderían ser:

- Reunións informativas, comunicacións escritas, sesións de traballo tutorial, asembleas...
- Folletos, trípticos.
- Exposición nos lugares oportunos do Centro: paneis informativos, carteis...
- Blogs, páxinas web.
- Foros, campañas, inclusión na revista do Centro, entrevistas.
- Foros municipais, institucionais, de asociacións e entidades.

Por último, aínda que esta difusión pode ser conveniente en todos aqueles momentos, formais e informais, da vida cotiá do Centro nos que o coñecemento do que se está facendo ofrece información relevante para a toma de decisións, proposta de actividades... e para reforzar a implicación das persoas no proceso e impulsar novas incorporacións (titorías, asembleas de grupo, de curso, reunións cos distintos estamentos...), existen tres momentos clave no que “exercer” esta función difusora:

- Ao *inicio do curso*: deberase informar da concreción anual do plan de convivencia para o curso e dalgún punto importante estable deste (punto de partida, obxectivos e plan que se vai seguir).
- Ao *longo do curso*: cando se dispoña de nova información, información dos avances, novos acordos...
- Ao *final do curso*: resumo do elaborado, implicacións, propostas de mellora, compromisos e plan para o seguinte curso.

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA

Tal e como se recolle no artigo 6 do Decreto 8/2015, será responsabilidade da Comisión de convivencia realizar o seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

Resulta fundamental realizar un seguimento e avaliación do mesmo de xeito continuo e procesual, tanto ao longo do desenvolvemento do Plan polos implicados en cada actuación, como ao finalizar cada avaliación, tanto polos membros do equipo docente como polo alumnado.

Por último, cómpre realizar unha avaliación máis xeral ao finalizar o curso, de xeito que se poda apreciar o grao de consecución dos obxectivos xerais marcados no plan.

Estas avaliacións permiten detectar os desaxustes ou dificultades e, con isto, podes corríxilos no momento en que de produzan e garantindo así o seu correcto desenvolvemento, así como establecendo melloras xerais de cara á concreción do mesmo no seguinte curso.

Deste xeito, cómpre realizar unha revisión dos contidos xerais do Plan, tanto a nivel de obxectivos como de priorización de áreas de mellora. Búscase unha adaptación dos contidos do Plan aos cambios da realidade do IES de Cacheiras, modificando os procesos de acordo coa súa avaliación e introducindo novas actuacións como consecuencia desta análise.

Rúbrica para a avaliación anual do Plan de convivencia:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN (0-10)	ASPECTOS A CONSIDERAR
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. Moi negativa: 0 Moi positiva: 10		
Alcance do plan de convivencia. Non hai plan: 0 Alcance moi amplo:10		
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. Non se cumpriu ningún: 0 Cumpríronse todos:10		
Renovación do plan de convivencia. Non se renova: 0 Renóvase anualmente:10		
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. Non se desenvolveu ningunha: 0 Desenvolvéronse todas: 10		
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. Non hai implicación: 0 Implicación total: 10		
Funcionamento da comisión de convivencia do centro Moi deficitario: 0 Excelente:10		
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia Non existiu coordinación: 0 A coordinación foi moi alta: 10		
Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia Non existen: 0 Fixéronse un gran número: 10		
Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10		
Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10		
Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10		

Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. Non existen: 0 Existen e aplicanse con eficacia: 10		
Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico Non existen: 0 Existen e aplicanse con eficacia: 10		
Existencia dun programa específico para o desenvolvemento da competencia social e cidadá Non existe: 0 Existe e é moi eficaz: 10		
Valoración global da situación da situación da convivencia escolar no Centro Moi negativa: 0 Moi positiva: 10		
PUNTUACIÓN TOTAL		